

Unidade 4. Interiores

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

1. Subliña de vermello os posesivos e de verde os substantivos.

- A nosa casa está preto da túa escola.
- Os teus tíos son os meus pais.
- O voso can é amigo do noso gato.
- Na miña horta sementei pementos.

2. Marca os determinantes posesivos.

Este unha meus túa eses os nosas aquel miña

3. Subliña os cuantificadores e clasifícaos.

- O meu curmán quedou cuarto na carreira
- No primeiro piso daquel edificio hai sete xanelas.
- Na segunda árbore hai un niño con seis andoriñas.
- Hoxe durmín oito horas.

Cardinais: _____

Ordinais: _____

4. Analiza as palabras destacadas.

- **A miña gata negra** tivo **catro gatiños**.

	Clase de palabra	Xénero	Número
A			
miña			
gata			
negra			
catro			
gatiños			

Unidade 4. Interiores

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

5. Rodea a sílaba tónica das seguintes palabras.

tempo	álbum	píntega	abelá	pórtico
xente	ordenador	lapis	follas	xogan
móbil	fácil	campos	saltón	cáliz
bicicleta	leituga	cárcere	xílgaro	bóxer

6. Escribe as palabras que teñan a sílaba tónica no penúltimo lugar.

7. Clasifica as palabras graves do exercicio anterior. Despois, rodea as que leven acento gráfico.

Rematan en vogal	Rematan en -n	Rematan en -s	Rematan en consoante distinta de -n ou -s

8. Agora escribe ti dúas palabras graves sen acento gráfico.

9. Escribe dúas palabras graves con acento gráfico.

10. Ditado.

Unidade 4. Interiores

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

11. Le este relato.

Maruxaina

Unha delas conta que diante do cabo de San Cibrán, no concello de Cervo, hai uns illotes chamados «Os Farallóns». Dise que alí vive unha serea chamada «A Maruxaina». Nos días de mal tempo, a Maruxaina sae dos illotes e chama os mariñeiros. Hai quen cre que sae para axudar os mariñeiros en caso de perigo, pero tamén hai quen di que a súa intención é engaiolalos para que naufraguen.

Esta vila de San Cibrán recuperou hai algúns anos unha vella tradición. Confeccionan unha serea de longos cabelos louros cunha rocha. O segundo sábado do mes de agosto, pola noite, lévase esta serea desde Os Farallóns ata a praia de San Cibrán. Alí é sometida a un xuízo popular, no que queda absolta. Ao rematar, volve ás illas, nas que permanece o resto do ano.



www.diputacionlugo.es

12. Responde as seguintes preguntas.

- Cal é o protagonista?

- Que fai co mal tempo?

- En que consiste a tradición recuperada polos veciños de San Cibrán?


- Cal é o feito fantástico da lenda?

- Enumera os feitos que poidan ser reais.

Unidade 4. Interiores

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

13. Fíxate no mapa e contesta.



- Marca no mapa o lugar onde vives.
- Está dentro da zona marcada como influencia da gheada? _____

14. Completa coas palabras.

galega

similar ao j no castelán

dígrafo gh

Real Academia Galega da Lingua

- A gheada é un fenómeno da lingua _____.
- A gheada prodúcese cando o son da letra **g** _____.
- A gheada representase polo _____.
- O uso da gheada está aceptado pola _____.

15. Escribe estas oracións con gheada empregando o dígrafo **gh**.

- O galo canta todas as mañás.
- _____
- Recibín un agasallo dunha gorra.
- _____